

Os comercios do barrio:

Panadería Mario Feito
Avda. Castelao, 14

Planet Print Santiago
Avda. Castelao, 18

Mesón Amber
Avda. Castelao, 28

Puri Cortegoso Peluquería
Avda. Castelao, 22

Café Bar Anxo
Avda. Castelao, 36

Froitería Vero (Fruguero)
Avda. Castelao, 34

**Candeira Consultores
Inmobiliarios**
Avda. Castelao, 10

Supermercado Taygon
Avda. Castelao, 24

A Sensu Contrario Avogadas
Avda. Castelao, 26

Farmacia Mayan Iglesias
Avda. Castelao, 32

Café Bar S.L.B.
Avda. Castelao, 10

**Protésico José Ramón Rey
Álvarez**
Avda. Castelao, 36

Clínica Dental Castealo
Avda. Castelao, 40

Enxega
Avda. Castelao, 20

Café Itatti
Avda. Castelao, 38

NH Obradoiro
Avda. Burgo Das Nacións, s/n

Frutas Mercalozano
Camiño dos Vilares, 83

Peluquería Sofi
Camiño dos Vilares, 27

Autoservicio Salgueiriños
Cruceiro da Coruña, 14

Café Bar San Carroadio
Cruceiro da Coruña, 16

Agrobotica
Queimada da Coruña, 22

A taberna da Feira
Cruceiro da Coruña, 24

Agrovivo
Cruceiro da Coruña, 40

Agro Fer
Cruceiro da Coruña, 6

Peluquería Mª Jesús
Cruceiro da Coruña, 62

Espenduría de Tabaco nº 34
Cruceiro da Coruña, 102

Casa Cruz
Cruceiro da Coruña, 21

Restaurante Cardama
Cruceiro da Coruña, 58

Panadería Carmela
Avda. Castelao, 28

Orfebrería Veiga do Campo
Domingo Andrade, 10

Peluquería Suso
Domingo de Andrade, 8

Zapatería Belén
Domingo de Andrade, 8

**Farmacia Marina Picos
Brage**
García Lorca, 9

Café Bar García Lorca
García Lorca, 9

Charcutería Loli
García Lorca, 29

Almacén Patatas Suárez
Pza. García Lorca, 5-6

Cafetería Fistera
Pza. García Lorca, 10

Peluquería Domer
Guadalupe, 23

Café Bar Gigirey
Mallou, 11

Office 2 Galicia
Mallou, 5

Limpieza Joma
Manuel María, 12

Balidea
Os Camiños da Vida, s/n

Cafetería O Repouso
Os Camiños da Vida s/n

Bus Station Space
Pza. Camilo Díaz Valiño, 17

Milenio
Pza. Camilo Díaz Baliño, 11-12

Centro Fisioterapia Cruz
Tambre, 15

Productos Jauja
Tambre, 17

Asitecno SCG
Tambre, 33

Gonpa Tapizados, S.L.
Lavadoiro, 7 Baixo

Nova liña 2000 S.L.R
Queimada, 45

Bar Queimada
Queimada, 45

Papelería O Arco
Tambre, 46

Café Bar MEI
Tambre, 13

Parrillada o Carro
Tambre, 121

Academia Tambre
Tambre, 5

Meijide y Feilde
Tambre, 9

Café Bar Mario
Tambre, 13

Triagal
Tambre, 32

Asesoría Cruceiro
Tambre, 46

Café Bar Nieves
Tambre

Cafe Bar Ysman
Tambre, 183

Restaurante Agustín
Tambre, 185

Restaurante Luar
Tambre, 187

Parillada Tordoya
Tambre, 189

Pan da Moa
Tambre, 3

Decoraciones JOSUAN
Tambre, 7

Adega Bello
Tambre, 9

IC2 GALICIA
Tambre, 9

Peluquería O Cruceiro
Tambre, 9

Bar Jose Rey
Tambre, 80

Salgueiriños de Consumo
Xosé Chao Rego, 6

Tupperware
Xosé Chao Rego, 6

**Centro de Negocios
Compostela Norte**
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

Versal comunicaciones
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

Valfre Servicios Integrados
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

JGV Xestión
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

El figón del Bachao
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

**Bussines Compostela Ase-
sores SL**
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

CIENTYTECH
Xosé Chao Rego, 8-10, Baixo

Proxecta
Rodríguez de Viguri, 45

D'Viguri
Rodríguez de Viguri, 45

Tartas A Fábrica
Rodríguez de Viguri, 47

Colorín Colorado
Rúa do Río, 24

Bricofer
Rúa do río, 26

Peluquería Cyrros
Salgueiriños da abaixo, 8

Cafetería Kedakí
Salgueiriños da abaixo, 4

Imaxín
Salgueiriños da abaixo, 11

Electrónica Seoane
Salgueiriños da arriba, 42

Carnicería Prego Asociados
Salgueiriños de arriba, 52

Peluquería L.C.
Vite de Abaixo, 46

Café Bar Nariño
Ulpiano Villanueva, 5

Peluquería Susa
Domingo de Andrade, 18

Mª José Peluquería
Travesa do cendal, 2

Alimentación Romero
Pza. García Lorca, 12

Academia Studio 93
Pza. García Lorca 4

MRW
Cruceiro da Coruña, 23

Farmacia Mera
Cruceiro da Coruña, 72

Gestoría José Luis Rey
Camiño dos Vilares, 7

Grandes pequeñas casas
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

Galiapp
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

Alvite Servicios Integrales
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

Baniela Asesoría
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

Certiforest
Xosé Chao Rego, 8-10 Baixo

Talleres Varela Belo
Queimada, 77

Cafés Siboney
Camiño dos Vilares, 61

Colectivo Tachán
Camiño dos Vilares, 1

Estellae Traducciones
Mallou, 75

Estanco nº 34
Cruceiro da Coruña, 102

Supermercado Tandy
Guadalupe, 2

Talleres Car
Camiños dos Vilares, 81

Talleres Cabo
Tambre, 165

Garabato de Xogos
Tambre, 122

Farmacia Tambre
Tambre, 65

Visión
Tambre, 91

ADM Comunicaciones
Cruceiro da Coruña, 18-20

Ciudad Cristal. Limpiezas
Queimada, 69



“Unha maneira de facer Europa”



**Urbana
Santiago
Norte**



Vite, Guadalupe & San Caetano

Sabías que...

- Na Idade Moderna un oficio común entre os veciños de Vite era o de canteiro ou pedreiro?
- No barrio de Guadalupe naceu en 1834 o arquitecto Manuel Pereiro Caeiro, construtor de moitos grandes edificios da cidade como o da Fundación na Praza de Cervantes?
- No campo de San Caetano tiña lugar a recepción da cidade aos viaxeiros senlleiros? En 1858, na Alameda de San Caetano, foi recibida a raíña Isabel II polas autoridades e comparsas de labregos e artesáns que executaron músicas e danzas?

Os barrios de Vite-Guadalupe-Salgueiriños-San Caetano-Romaño

Este conxunto de barrios pechan a cidade polo norte, espaxándose nas abas dos montes e nas beiras dos ríos Corvo e Sarela. Esta é unha zona de fortes contrastes, na que conviven barrios urbanos consolidados con casaríos que conservan a esencia dos rueiros semirurais que desde sempre serviron como transición cara a Compostela. Un paseo por estas áreas supón unha oportunidade excepcional para descubrir as trazas, que aínda son moitas, doutro tempo e da cidade que foi, pois as mudanzas recentes non foron quen de borrar de todo a súa pegada.

- 1 A fabrica de Curtidos de Hardinguey**
Fundada en 1806 por Anselmo Cabello, é máis coñecida polo nome dos seus últimos propietarios, a familia Hardinguey. Contra 1900, eles converteron esta instalación na máis moderna de Galicia no tratamento das peles e na fabricación, sobre todo, de solas. Foi a irrupción dos plásticos o que levou esta factoría á crise, que acabou pechando en 1971. No seu sitio erguéronse o Parque e o Polígono de Vivendas de Vite.

- 2 Campo e capela de San Caetano**
Bartolomé de Vereá e a súa muller, Ángela de Cora, fundaron esta capela na honra de San Caetano, pai da Providencia e protector das parturientes, en 1701, e por esta razón as súas armas presiden a fachada. Noutro tempo, unha alameda e explanada rodeaban o templo, onde tiña lugar, cada 7 de agosto, unha sonada festa con función relixiosa, solemne baile campestre, fogueiras e iluminacións especiais.
- 3 Edificio administrativo de San Caetano**
A construción do Colegio de Sordo-Mudos y Ciegos de Galicia foi un proxecto longamente cobizado pola cidade. Os planos de Ricardo Velázquez Bosco, autor do Palacio de Cristal de Madrid, deron lugar a un edificio amplo, moderno e fermoso, tanto, que aínda que fora rematado en 1925, foi dedicado a Hospital Militar en 1936, e logo sería Instituto de Ensino Secundario. Finalmente pasou a acoller a incipiente administración autonómica galega. Para todos os galegos e galegas, o antigo Colexio é hoxe un referente simbólico do goberno e da Galicia contemporáneos.

- 4 O toledal do Camiño á Coruña**
A aba oriental dos montes de Vite —na zona que hoxe está entre o Cruceiro da Coruña e a Praza de España— articulábase noutro tempo arredor do vello camiño da Coruña. Ata a renovación integral da estrada no s. XVIII, esta zona era especialmente coñecida por ser un paso difícil para carruaxes, bestas e camiñantes no inverno. Contan os documentos que había aquí un gran *toledal* (treito enlameado e inundado), no que as bestas podían quedar soterradas ata o bandullo, o que deu lugar a que nacesen desvíos ou

camiños alternativos en zonas máis altas. A partir da modernización da estrada no s. XIX, cun novo trazado, foise desenvolvendo como espazo semirural, no que convivían as leiras con tabernas e casas á súa beira. A creación do mercado nacional de gando e a nova estrada transformaron radicalmente aquela paisaxe.

- 5 O Pozo da Neve**
Neste pequeno parque, hoxe case absorbido pola N-550, son aínda visibles os restos dun poboado castrexo, habitado entre o s. V antes de Cristo e os primeiros tempos da nosa era. Preto del houbo un conxunto de buratos na rocha nos que se conservaban a neve e o xeo (neveiras) que eran usados, ben pola veciñanza para conservar alimentos ben por distintos establecementos da cidade para a preparación de sorbetes e refrescos.
- 6 A Ponte Mantible**
Esta ponte en realidade é un acueduto que formaba parte do sistema de subministración de auga potable da cidade. Desde a Idade Media, as augas dos mananciais da Fonte Branca e Chan de Curros eran conducidas, mediante canles e canalizacións soterradas, ás fontes da cidade. A cada pouco, as arquetas —con forma de casetiña— daban acceso ao sistema para a súa reparación e limpeza.
- 7 O Camiño Inglés**
Os peregrinos e viaxeiros que chegaban a Santiago desde A Coruña e Betanzos accedían a Compostela desde Sigüeiro e pasaban polos barrios de Guadalupe e San Caetano. Este percorrido é o que hoxe denominamos Camiño Inglés, por seren os romeiros desta nación os que máis frecuentaban a ruta. Non obstante, chegaban tamén por aquí, atravesando as abas do monte de Vite, moitos romeiros que procedían fundamentalmente dos países do norte de Europa e que desembarcaban, sobre todo, no porto coruñés pero tamén en Ferrol ou Betanzos.
- 8 O Cendal**
Cada 25 de xullo tiña lugar nun campo municipal sito preto de San Caetano o certame e festa do Cendal. Tratábase dunha competición hípica que se organizaba na honra do Apóstolo. O seu nome deriva do cendal (pano fino de seda ou outro tecido valioso), que se entregaba como premio ao vencedor. Toda a cidade acudía a presenciar o evento. Unha vez alí, a autoridade trazaba unha liña na terra que se marcaba tamén con pedras. O primeiro en chegar collía unha pedra e gritaba “Viva o Rei”, sinalándose como o gañador dese ano. Para distinguilo, envolvaselle a cabeza co pano e era paseado triunfalmente polas rúas de Santiago. Recibía, ademais, unha bolsa de 500 marabedís que achegaba o deán da Catedral. Esta festa desapareceu a finais do s. XVII.
- 9 O Barrio de Guadalupe**
Este foi o lugar poboado máis importante da zona e tiña un certo aspecto urbano, acomodando o seu rueiro ao camiño que levaba á cidade. Arredor do campo de Guadalupe e do Cendal había no século XVIII unha pequena aldea da que aínda hoxe podemos albiscar algúns fitos como as casas terreiras e de escasos vans nas que vivían as xentes humildes ata hai pouco. Guadalupe foi sempre barrio de obreiros e xornaleiros, e lavandeiras, costureiras e augadoras; xente traballadora, capaz de organizar sonadas festas e bailes, sobre todo no campo da capela.

- 10 Capela e campo de Guadalupe**
Foi a devoción popular a que promoveu a construción en terreos municipais desta capela, un edificio sinxelo que ten aos lados a sancristía e a vivenda do ermitán. En 1731 posuía xa unha confraría encargada do culto e coidado e que organizaba tamén as festas na honra da Virxe. O campo da ermida é hoxe máis pequeno que antes e era o espazo das festas; unha parte del foi empregado a principios do século XIX como cemiterio.

- 11 Porto de Vite**
Foi sempre un casarío mínimo —propiedade de San Martiño Pinario— no punto no que o camiño que ía da Porta da Pena a Vite cruzaba o río da Pena. A principios do século XX un gran muro pechaba o conxunto do antigo lugar, convertido para entón nunha única propiedade con varias fincas cunha vocación a medio camiño entre o rural e o urbano chamada Pazo do Carme. En 1940, Baldomero Lois Asorey abriu aquí un hospital que iniciou o camiño da renovación e humanización dos tratamentos aos doentes psiquiátricos. Na mesma finca, anos despois construíuse a vivenda familiar —visible hoxe desde Xoán XXIII—, deseñada polo arquitecto Gómez Román, defensor decidido do valor das formas e dos materiais da arquitectura tradicional galega nos edificios contemporáneos.

- 12 Polígono de Vite**
É un exemplo clásico das promocións de vivenda pública da década de 1960-70: nas proximidades da cidade pero separado dela, accesos claros e definidos, aparencia moi distinta ao seu contorno máis inmediato —neste caso a aldea de Guadalupe—. Seguindo os principios da arquitectura promulgada por Le Corbusier, representa un espazo urbano que busca o contacto coa natureza: bloques máis ou menos altos con grandes zonas verdes; rúas ordenadas cunha vía principal e outras secundarias (residenciais e tranquilas) para servizo da veciñanza; e servizos comunitarios que farían do barrio unha pequena cidade en si mesma.

- 13 Campus Norte**
No que noutros tempos eran hortas e labradíos, hoxe ten unha das súas sedes a USC. Naceu a partir dun albergue para peregrinos do Ano Santo de 1965. Aqueles pavillóns acolleron logo a Residencia Universitaria do Burgo das Nacións, escenario privilexiado da vida estudantil ata a súa renovación integral, rematada en 1992. Hoxe o seu sinal de identidade son a distribución dos espazos públicos e as vangardistas arquitecturas das Facultades. Entre elas destaca, por méritos propios, a Facultade de Ciencias da Comunicación, obra do arquitecto portugués Álvaro Siza Vieira.

- 14 Lavadoiro de Cima da Eira**
É memoria viva do pasado do barrio de Vite, onde vivían e traballaban moitas das lavandeiras da cidade. Elas lavaban nos regatos da zona ata que a finais do século XIX comezaron a construírse lavadoiros. Estas son obras deseñadas con esmero: saneamento do manancial, condución das augas por gravidade, preparación de canles de desague, muro de contención ou regos para aproveitar as augas que rebordan nas fincas próximas; ao carón da obra, sempre había espazo para tender a roupa. Os lavadoiros conseguiron mellorar as condicións de traballo das lavandeiras, ademais de reducir os percorridos para procurar auga para as vivendas.